



# O Software libre nos concellos de Galicia. Resumo executivo. Ano 2011



# Índice

---

	Páxina
1. Ficha técnica.....	3
2. Análise de datos.....	4
3. Conclusións principais.....	18



## 1. Ficha técnica

---

- **Universo:** Todos os concellos galegos. Segundo datos do Instituto Galego de Estatística (IGE) a 1 de xaneiro de 2011, o seu número ascende a 315.
- **Tamaño da mostra:** 197 enquisas.
- **Tipo de mostra:** Estratificada. Segmentouse a mostra en función de dúas variables: número de habitantes e provincia. A asignación inicial da mostra foi proporcional, se ben, foi preciso realizar unha ponderación posterior para a análise de datos.
- **Erro da mostra:** No suposto dunha mostraxe aleatoria simple, baixo a hipótese xeral máis desfavorable ( $P=Q=0,5$ ) e cun nivel de confianza do 95,5%, o erro máximo admitido no cálculo dunha magnitude absoluta é do 4,3%.
- **Tipo de entrevista:** Cuestionario electrónico (Internet).




## 2. Análise de datos

---



## Concellos con software libre / software propietario nalgún equipo informático




Base: Todos os concellos

**O 82,6% dos concellos dispón de software libre nalgún equipo informático (ordenadores de usuario ou servidores), cun incremento de 9 puntos porcentuais en relación ao ano anterior.**

O 100% dos concellos con máis de 10.000 habitantes dispón de software libre e de software propietario simultaneamente nalgún equipo informático.



## Tipoloxía de software nos ordenadores de usuario




Base: Todos os concellos

**En máis do 80% dos concellos (82,1%) existe software libre nos ordenadores de usuario**, ben como única tipoloxía de software habilitada nos equipos (1,9%) ou ben en presenza de software propietario (80,2%). Isto supón un aumento de 12,5 puntos porcentuais respecto do ano 2010.



## Tipoloxía de software nos servidores




Base: Concellos con servidores

Do total de concellos que teñen servidores, o 57,3% dispón de software libre nestes equipos, ben como única tipoloxía de software (4,7%) ou ben en combinación con software propietario (52,6%).



## Evolución dos concellos con máis de 5.000 habitantes con software libre nalgún equipo informático




O 96,4% dos concellos con máis de 5.000 habitantes dispón de software libre nalgún dos seus equipos informáticos, o que implica un incremento respecto ao 2010 onde o valor situábase no 91,3%.






## Evolución dos concellos con máis de 5.000 habitantes con software libre en ordenadores e servidores



**Incremento da porcentaxe de concellos de máis de 5.000 habitantes que emprega software libre en ordenadores de usuario e servidores respecto ao ano anterior.** No caso de ordenadores, a porcentaxe sitúase por riba do 95% e no caso de servidores, o crecemento é de máis dun 25% respecto ao ano anterior.



## Tipoloxía de sistemas operativos e aplicacións informáticas en ordenadores de usuario




Base: Concellos con software libre unicamente ou en combinación con software propietario, en ordenadores de usuario

**O emprego de software libre nos concellos é superior nas aplicacións que nos sistemas operativos, cunhas porcentaxes do 67,0% e 31,1% respectivamente.**



## Tipoloxía de sistemas operativos e aplicacións informáticas en servidores




Base: Concellos con software libre unicamente ou en combinación con software propietario, en servidores

**No referente a servidores, a presenza de aplicacións informáticas libres é superior á de sistemas operativos libres.** Se ben, as diferenzas son menores que no caso de ordenadores de usuario.




## Tipoloxía de software dispoñible en aplicacións informáticas de uso xeral



En aplicacións informáticas de uso xeral, a combinación de software libre e software propietario é a opción máis habitual no caso de ofimática e navegador de internet. No referente aos xestores de correo electrónico e antivirus, a tipoloxía máis habitual é a de software propietario.




## Valoración global do uso dos distintos tipos de software



**Tanto o software libre coma o software propietario teñen unha valoración global notable e semellante, con valores próximos aos 7 puntos.** No caso de software libre, os valores oscilan entre o 6,6 para concellos de 5.001 a 10.000 habitantes e o 7,0 dos concellos de menos de 2.000 habitantes e de máis de 20.000 habitantes. En software propietario, os niveis varían entre o 6,8 do estrato de 5.001 a 10.000 habitantes e o 7,9 de 2.001 a 50.000 habitantes.



### Nivel de satisfacción do uso do Software Libre nos concellos con máis de 5.000 habitantes




Base: Concellos con máis de 5.000 habitantes e con software libre

■ 2006 ■ 2007 ■ 2008 ■ 2010 ■ 2011




## Previsión da evolución do uso do software libre nos concellos en 1 ou 2 anos



As previsións dos concellos sobre o emprego de software libre en 1 ou 2 anos na súa entidade son que **tenderá a aumentar ou que manterase igual; principalmente en ordenadores de usuario.**



### Previsión da evolución do uso do software libre en ordenadores nos concellos con máis de 5.000 habitantes




Base: Concellos con máis de 5.000 habitantes e con software libre





## Formación informática recibida polo persoal interno da entidade no último ano




Base: Todos os concellos

O destinatario principal da formación informática recibida nos concellos no último ano foi o **persoal usuario dos programas**, por riba dos técnicos ou encargados das actividades informáticas. Neste sentido, practicamente na metade dos concellos (50,8%) a formación recibida foi para o seu persoal usuario.




## Tipoloxía de formación informática recibida polo persoal da entidade no último ano



A tipoloxía de formación informática recibida polo persoal, con maior frecuencia, foi tanto en software libre como en software propietario. Individualmente, a porcentaxe de concellos nos que a formación estivo orientada á ferramentas propietarias superou á de software libre.




### Formación facilitada aos encargados das actividades informáticas no último ano en concellos con máis de 5.000 habitantes



Base: Concellos con máis de 5.000 habitantes




### Formación facilitada ao persoal usuario no último ano en concellos con máis de 5.000 habitantes






### Nivel de coñecementos de Software Libre e Proprietario dos encargados informáticos e persoal usuario en concellos con máis de 5.000 habitantes





## Accións comerciais recibidas no último ano




Base: Todos os concellos

**Practicamente un de cada catro concellos (25,5%) recibiu accións comerciais en software libre no último ano e máis da metade (51,2%) no caso de software propietario.** Cómpre salientar que todos os concellos de máis de 50.000 habitantes recibiron accións comerciais relacionadas co software libre.



### Accións comerciais en software libre recibidas polos concellos con máis de 5.000 habitantes





### 3. Conclusións principais

---

- **No 82,6% dos concellos existe software libre nalgún equipo informático** (ordenadores de usuario ou servidores).  
Considerando os concellos de máis de 5.000 habitantes, obsérvase un incremento da presenza de software libre nalgún equipo informático, dende o 91,3% do ano 2010 ata o 96,4% do ano 2011.
- **No 82,1% dos concellos existe software libre nos ordenadores de usuario**, sendo a súa combinación con software propietario o modelo máis habitual entre os concellos (80,2%).
- **O 57,3% dos concellos teñen servidores con software libre**, ben como única tipoloxía de software (4,7%) ou ben en combinación con software propietario (52,6%).
- **O maior emprego do software libre en ordenadores de usuario e servidores, focalízase nas aplicacións informáticas**, por riba do seu uso en sistemas operativos.





- **Tanto o software libre coma o software propietario teñen unha valoración global positiva e semellante**, con valores próximos aos 7 puntos, sobre 10, en ambos casos. Este valoración positiva é complementada cunha **boa percepción en canto ás previsións dos concellos sobre o emprego de software libre en 1 ou 2 anos nas entidades**.
- **O destinatario principal da formación informática recibida nos concellos no último ano foi o persoal usuario dos programas**, por riba dos técnicos ou encargados das actividades informáticas. En ambos casos, **a tipoloxía de formación informática recibida polo persoal, con maior frecuencia, foi tanto en software libre como en software propietario**.
- **Practicamente un de cada catro concellos (25,5%) recibiu accións comerciais en software libre no último ano e máis da metade (51,2%) no caso de software propietario**. Ademais, todos os concellos de máis de 50.000 habitantes recibiron accións comerciais relacionadas co software libre.

galicia



XUNTA  
DE GALICIA